

O NOVO CORONAVIRUS 2019: PREGUNTAS E RESPOSTAS

A raíz da situación actual do novo coronavirus 2019, estanse a recibir chamadas ao SAEG que se reproducen deseguido por se puidesen ser de utilidade.

Que teño que facer se viaxei recentemente a China? As persoas que regresan de China e teñen un bo estado de saúde poden levar unha vida normal. Se nas dúas semanas posteriores ao regreso presentan sintomatoloxía dunha infección respiratoria aguda, coma febre, tose ou falta de aire, deberán quedarse no seu domicilio e chamar ao 061, que, avisará ao SAEG para, se procede, poñer en marcha o protocolo.

Hai algunha medida especial sobre as mercadorías que se reciben de China? Non existe ningunha restrición nin recomendación específica relativa ao movemento de mercadorías procedentes de China. Polo de agora, enténdese que non hai ningún risco en recoller calquera paquete procedente de China.

Na situación actual poden viaxar a China? A OMS non recomenda ningún tipo de restrición aos viaxes a China. Si recomenda, en especial se se vai viaxar a provincia de Hubei, evitar consumir carne pouco cociñada e o contacto con animais vivos ou mortos, domésticos ou salvaxes; ademais, débense extremar as medidas de hixiene de mans e evitar levar as mans a nariz, ollos ou boca, e, na medida do posible, manterse a dous metros de persoas con síntomas respiratorios e evitar sitios excesivamente concorridos.

Pode mudar a sistemática de detección de casos posibles? É probable que a sistemática de detección de casos posibles mude en función da situación epidemiolóxica. Por iso é moi importante consultar periodicamente a web da Dirección xeral de saúde pública ([ligazón](#)), na que, ademais da definición de caso posible, fican as recomendacións que se deben seguir para o manexo de casos en atención primaria ou no hospital, para o seguimento dos contactos, etc

<http://dxsp.sergas.es>

PROFILAXE PRE-EXPOSICIÓN (PrEP) AO VIH EN GALICIA

A **profilaxe pre-exposición** (PrEP) é unha intervención biomédica dirixida a previr a transmisión da infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH) en persoas seronegativas para o VIH que teñen un elevado risco de contraer a infección. Consiste na administración de Tenofovir disoproxil fumarato (TDF) e Emtricitabina (FTC), antes da exposición ao VIH.

Diferentes entidades nacionais e internacionais recomendan o uso desta ferramenta preventiva dentro dunha intervención preventiva combinada. Polo tanto, a oferta da PrEP **debe acompañarse de:** educación sexual integral; promoción do uso do preservativo; redución de danos mediante a inxección hixiénica de drogas dos programas de intercambio de xiringas (PIX); tratamento substitutivo de opiáceos (TSO); diagnóstico e tratamento precoz da infección polo VIH; cribado doutras infeccións de transmisión sexual (ITS) e actualización do estado vacinal.

A **poboación destinataria** é: [1] Homes que teñen sexo con homes (HSH) e persoas transexuais seronegativas para o VIH, adultas (≥ 18 anos), que cumpran, polo menos, con dous dos seguintes criterios: máis de 10 parellas sexuais diferentes no último ano; practicar sexo anal sen protección no último ano; usar drogas en relación co mantemento de relacións sexuais sen protección no último ano; administración da profilaxe post-exposición ao VIH en varias ocasións no último ano; e ser diagnosticado polo menos dunha ITS bacteriana no último ano. [2] Persoas que exercen a prostitución seronegativas para o VIH que refiran un uso non habitual do preservativo.

A **indicación e seguimento clínico**, consta de:

Cita previa: A persoa que desexe participar no programa da

PrEP debe solicitar unha cita na súa consulta médica de Atención Primaria ou na Consulta Hospitalaria de VIH.

Atención primaria: O persoal médico de Atención Primaria que reciba a solicitude dunha persoa para participar no programa da PrEP ofertará, primeiramente, a proba do VIH e dará consello preventivo. Unha vez recibido o resultado da proba de VIH, derivará á persoa solicitante á Consulta Hospitalaria de VIH (para considerar a PrEP cando o resultado é negativo, e para comezar o seguimento da infección cando sexa positivo).

Indicación na inclusión do programa: Na Consulta Hospitalaria de VIH, o persoal médico informará á persoa dos resultados das probas e informes solicitados, valorarase se se cumpren todas as condicións para a inclusión no programa e reforzarase o consello preventivo. Se se cumpren todas as condicións, o persoal médico prescribirá a PrEP e a persoa será derivada á Farmacia Hospitalaria do centro para recoller a medicación. Lembrarase a importancia da adherencia ao tratamento, e os posibles efectos adversos.

Seguimento clínico e dispensación da medicación: A primeira revisión realizarase ao mes de iniciar o tratamento da PrEP. O obxectivo principal desta consulta é valorar a tolerancia e o grao de adherencia do tratamento recibido. Cada 3 meses citarase na Consulta Hospitalaria de VIH á persoa para valorar a tolerancia ao tratamento, o grao de adherencia, realizar o cribado doutras ITS e reforzar o consello preventivo.

Anualmente, avaliarase a continuidade da PrEP.

Acceso ao protocolo completo no seguinte [ligazón](#).